

“A verdade oculta detrás de todo isto, que negaríamos de bo grao, é a de que o home non é unha criatura tenra e necesitada de amor, que só se defendería se fora atacada, senón, polo contrario, un ser entre cuxas disposicións instintivas tamén debe incluírse unha boa porción de agresividade.

Por conseguinte, o próximo non lle representa unicamente un posible colaborador e obxeto sexual, senón tamén un motivo de tentación para satisfacer nel a súa agresividade, para explotar a súa capacidade de traballo sen retribuíla, para aprobeitalo sexualmente sen o seu consentimento, para apoderarse dos seus bens, para humillalo, para ocasionarlle sufrimentos, martirizalo e matalo. *Homo homini lupus*: ¿quen se atrevería a refutar este refrán, despois de todas as experiencias da vida e da Historia? Por regra xeral, esta cruel agresión espera para desencadearse a ser provocada... desenmascarando ao home como unha besta salvaxe que non coñece o menor respecto polos seres da súa propia especie.”

(Sigmund Freud. O malestar na cultura)

1. Segundo Freud, no ser humano existen dous impulsos básicos: describe ámbolos dous. ¿De cal dos dous está a falar principalmente o texto? Recolle por escrito dúas citas para apoiar a túa resposta. ¿En que parte da estrutura da nosa mente estarían aloxadas as nosas pulsións instintivas?, ¿cal é o principio polo que se rexen? Argumenta as respostas e recolle por escrito dúas citas para apoiar a túa resposta
2. ¿Cal é, en opinión de Freud, o cometido das normas morais?, ¿en que parte da psique se encontran interiorizadas as normas?, ¿que función leva a cabo esta parte da mente? Razona as respostas.
3. O fragmento de texto pertence a unha das obras máis importantes de Freud: ¿poderías explicar a tese principal de O malestar na cultura? A propósito de cultura, ¿que se entende por *sublimación*? Outro concepto freudiano especialmente relevante na psicoanálise é a noción de *desprazamento*. Explica o termo e aporta un par de exemplos. Xustifica as repostas.